



PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN Á NOVA SITUACIÓN ORIXINADA POLA PANDEMIA COVID-19 PARA A CELEBRACION DAS PROBAS DOS PROCESOS SELECTIVOS DERIVADOS DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DA ADMINISTRACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

1. Finalidade e destinatarios.
2. Organización loxística.
3. Normas básicas de desenvolvemento das probas.
4. Recomendacións e medidas preventivas para a protección da saúde na celebración dos exercicios do proceso selectivo.
 - 4.1. Persoas participantes (opositores).
 - 4.1.1. Chegada ao recinto
 - 4.1.2. Dentro do recinto
 - 4.1.3. Durante o exame
 - 4.2. Membros dos tribunais, asesores e persoal de apoio.
 - 4.2.1. Durante a realización das probas
5. Outros aspectos de interese.
 - 5.1 Avaliación do risco dos eventos.
 - 5.2 Limpeza e desinfección das instalacións entre probas.
 - 5.3 Ventilación



1. Finalidade e destinatarios.

O COVID-19 é unha enfermidade producida pola infección do virus SARS-CoV-2, que se transmite de persoa a persoa a través de gotas respiratorias e contacto directo ou con superficies contaminadas, sendo o risco de transmisión proporcional a proximidade e intensidade da interacción entre una persoa infectada e outra susceptible.

O risco de propagación en eventos ou actividades multitudinarias depende, entre outros, da situación epidemiolóxica, das características do evento e da capacidade para a adopción de medidas de prevención e control.

A finalidade deste protocolo é establecer as medidas preventivas que ofrezan a máxima garantía de seguridade para evitar o contaxio e a propagación do COVID-19 e adoptar os medios para protexer a seguridade e a saúde das persoas implicadas nos procesos selectivos que se celebren en execución das ofertas de emprego público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia mentres dura a situación desta pandemia.

Este protocolo toma en consideración as recomendacións das autoridades sanitarias do Ministerio de Sanidade, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Protocolo ABAU 2020 en Galicia e o Protocolo de actuación para a realización dos Procesos Selectivos de funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional como consecuencia da COVID-19, así como as establecidas polo INAP, adaptándoas a casuística dos procesos selectivos da Xunta de Galicia. O protocolo pode ser obxecto de actualización en función da evolución epidemiolóxica e os novos criterios que puidesen ser establecidos polas autoridades sanitarias.

O protocolo está dirixido a todos os aspirantes do proceso selectivo, que asumirán e se responsabilizarán tanto das medidas hixiénicas e sanitarias indicadas para eles neste protocolo, como dos riscos sanitarios inherentes á realización da proba, e aos membros do tribunal, asesores técnicos e persoal colaborador de cada proceso selectivo, quen recibirán aquelas informacións necesarias para que o proceso pódase levar a cabo coas medidas preventivas axeitadas e coordinarán as medidas hixiénicas e sanitarias indicadas neste documento.

As medidas establecidas neste documento abranguen tanto a realización das probas como as medidas a tomar previa e posteriormente á realización destas e serán de obrigado e estrito cumprimento tanto para os opositores como para os compoñentes do tribunal, asesores técnicos e persoal de apoio ou colaborador. Para tal fin, será remitido ao órgano responsable do proceso selectivo e aos tribunais constituídos para os diferentes procesos que sexan convocados, quen deberán ser informados do seu contido e, no seu caso, de calquera modificación. Así mesmo, publicarase na páxina Web da Dirección Xeral da Función Pública, co fin de asegurar a súa máxima difusión e o cumprimento das súas medidas por parte de todos os involucrados no proceso.

Os aspirantes e os membros do tribunal, asesores técnicos e persoal colaborador responsabilízanse e asumen, desde o punto de vista da súa propia actuación persoal, as



medidas hixiénicas e sanitarias que se deben cumprir, especialmente se é persoa de risco sensible a complicacións derivadas da COVID-19.

2. Organización loxística.

Os responsables da organización das probas, coa suficiente antelación, procederán a:

- Publicar, previamente á celebración das probas, as listaxes de distribución de aspirantes e de portas na <https://www.xunta.gal/funcion-publica/procesos-selectivos>. Estas listaxes non se colocarán no lugar de celebración das probas para evitar aglomeracións.
- Restringir ao máximo o acceso aos edificios onde se realicen os exercicios, estando só autorizados o persoal aspirante e o persoal implicado no desenvolvemento das mesmas.
- Organizar e identificar os distintos espazos comúns (aulas, lugares de descanso e comida, aseos,...), de exame (pavillóns ou aulas, no seu caso), salas de lactación, zona reservada de illamento para persoas con posibles síntomas de COVID-19 (que deberá contar con ventilación adecuada) e zonas privadas destinadas ao persoal de servizos.
- Distribuír os espazos nas aulas ou zonas de exame de modo que poida manterse unha distancia mínima interpersoal de (3 m x 3 m).
- Dispoñer nos espazos comúns da carteleira informativa que servirá para identificar as portas e as persoas que poidan entrar por elas. Tamén se disporá de papeleiras con tapa e pedal, máscaras hixiénicas, xeles hidroalcohólicos para a limpeza de mans en número suficiente ou en proporción adecuada ao número de aspirantes e, polo menos, un na porta de entrada de cada aula.
- Equipar todas as aulas ou zonas de exame con, polo menos, un recipiente e bolsa de lixo que permita a xestión adecuada do material desbotable utilizado.
- Desinfectar os espazos e mobiliario cunha antelación máxima de 24-48 horas previas á celebración do exercicio. Prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes como pomos de portas, mesas, pasamáns, chans e outros elementos de similares características. Unha vez realizada a desinfección, con dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade viricida que se atopan no mercado e que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, procederase a precintar os espazos ata a súa utilización, sempre que non puidese realizarse con anterioridade.
- Establecer un itinerario de acceso principal á sede do exame, con sinalización do percorrido ata as diferentes portas ou zonas e situando marcas no chan que permitan manter a distancia mínima de seguridade de 1,5 metros entre persoas. En función do número de participantes no proceso selectivo deberá preverse sedes onde se poidan establecer percorridos mesmo no exterior da sede. As ditas sedes estarían ubicadas en Silleda (no recinto da Feira Internacional de Galicia), no Pazo de Feiras e Exposición de Lugo (Expo Lugo) e no recinto da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense



(Expourense). Así mesmo, en función do número de persoas aspirantes poderanse realizar distintas quendas para a realización do exercicio. Polo tanto, podería realizarse o exercicio nunha única sede con distintas quendas ou en distintas sedes con unha ou varias quendas.

3. Normas básicas de desenvolvemento das probas.

Os principios básicos que fundamentan todas as medidas tomadas nos distintos momentos e espazos das probas son os seguintes:

- Mantemento da distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.
- Hixiene de mans.
- Hixiene respiratoria: uso de máscara cirúrxicas
- Limpeza e desinfección adecuadas dos centros e superficies en contacto.

En particular:

- Só se permitirá o acceso aos edificios aos opositores que realicen os exercicios e persoal implicado no desenvolvemento das mesmas, non permitíndose o acceso a acompañantes (fóra de casos particulares debidamente xustificadas).
- En cada unha das portas dos edificios onde se desenvolvan os exercicios sinalaranse claramente os accesos correspondentes e se permitirá a súa visualización desde o exterior co fin de permitir unha áxil identificación do acceso que corresponda a cada aspirante.
- En todo momento deberá gardarse a distancia mínima de seguridade, debendo esperar no lugar que corresponda (exterior ou interior) cando sexa necesario.
- En cada porta de acceso dispensarase xel hidroalcohólico desinfectante de mans, debendo proceder ao lavado de mans tanto a entrada como a saída do exame. con solución hidroalcohólica.
- Non se admitirá a entrada de ningunha persoa desprovista de máscara protectora. A dita máscara deberá cubrir boca e nariz mentres se permaneza no recinto (salvo os casos previstos na normativa, previamente xustificadas). No caso de que algún dos participantes non dispoña da oportuna máscara, se lle proporcionará unha de maneira excepcional.
- A persoa aspirante deberá gardar a distancia mínima de seguridade namentres espere o chamamento, a tal efecto poñeranse, á entrada do pavillón, marcas no chan para que se garde a debida distancia. Coa finalidade de evitar aglomeracións, o tribunal terá a potestade de adiantar uns minutos o chamamento, sempre que se agarde despois un tempo prudencial, por se algún aspirante chegase con retraso. Na parte superior dereita da mesa deixará o DNI á vista durante o desenvolvemento de todo o exercicio para a súa identificación.

- A ocupación máxima dos aseos garantirá a distancia interpersonal de 1,5 metros en todo momento. En todo caso, a asistencia ao aseo será excepcional e de xeito escalonado. Poñeranse nas portas dos aseos unhas normas de uso: pechar a porta, baixar a tapa do aseo antes do uso da cisterna e limpeza de mans con xabón e xel hidroalcohólico.
- Debe evitarse tocar elementos de uso común, botóns, manillas de apertura de portas, pasamáns, etc.
- Manteranse as portas abertas na medida en que non afecte á seguridade patrimonial do edificio e a condición de que non se xeren situacións incomfortables por correntes de aire ou ruído. En todo caso, cando o tempo de realización do exercicio supere os 120 minutos, procederase a ventilar o interior do pavillón abrindo as portas durante 15 minutos. En caso de aulas, os exercicios realizaranse sempre con ventilación manual.
- Prohíbese o consumo de alimentos así como a súa manipulación nos espazos non habilitados ao seu efecto.
- Ao tose ou esbirrar, é imprescindible cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Debe evitarse tocarse os ollos, o nariz e a boca.
- Deben utilizarse panos desbotables. Tras o seu uso, deben depositarse nas papeleiras específicas destinadas a ese fin.

4. Recomendacións e medidas preventivas para a protección da saúde na celebración dos exercicios do proceso selectivo.

4.1. Persoas aspirantes.

As persoas aspirantes que teñan síntomas compatibles con COVID-19, aqueles ás que se lles diagnosticou a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou os que se atopen en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19 nos últimos 14 días NON poderán acceder aos lugares indicados polos tribunais para realizar os exames.

En cumprimento do principio de igualdade nos procesos selectivos as persoas que se atopen nesta situación realizaráselles unha segunda e única convocatoria, en data que non altere o desenvolvemento normal do proceso. Para iso, deberán dirixir ao correo electrónico direccion.xeral.funcion publica@xunta.gal, a correspondente solicitude. A dita solicitude deberá estar acreditada polo facultativo correspondente para poder ser considerada. O tribunal poñerase en contacto coas persoas afectadas para a realización doutra proba tipo test a estes aspirantes.



4.1.1. Chegada o recinto

- Todo o recinto ou lugar onde se realice a proba será considerado lugar de exame.
- Os opositores deberán aproximarse á porta de entrada que lles corresponda á hora na que foron convocados. Procurarán en todo momento gardar a distancia de seguridade, sen apresurarse nin provocar aglomeracións. Para axilizar a entrada, prégase que se teña a man o DNI.
- O uso da máscara é obrigatorio para os opositores durante todo o proceso (salvo casos xustificadas previstos na normativa). Se alguén non a leva de xeito correcto, será advertido polos membros do Tribunal ou persoal de apoio. En caso de reiterados incumprimentos sobre o uso correcto da máscara, o tribunal poderá acordar a expulsión da persoa aspirante. Aquelas persoas que mediante xustificación médica teñan exceptuado o uso obrigatorio da máscara deberán achegar á Dirección Xeral da Función Pública no prazo dos 5 días inmediatamente anteriores a data de celebración, a certificación da dita exención. De non facelo non poderá acceder sen a máscara. Advírtese que as pantallas non están autorizadas, xa que non cumpren a función das máscara, non obstante, poderá esixirse o uso da pantalla as persoas exceptuadas de levar máscara.
- Será obrigatorio no momento do acceso ao interior lavar as mans con xel hidroalcohólico. A tal efecto se establecerán os correspondentes dispensadores en cada unha das portas de acceso.
- Non se permitirá o uso de luvas por parte dos opositores, xa que producen unha falsa sensación de seguridade.

4.1.2. Dentro do recinto

- Os obxectos persoais de cada opositor serán os mínimos imprescindibles e deberán permanecer en todo momento xunto a el e baixo a súa custodia.
- Non se poderá compartir material (bolígrafos, goma, afialapis etc.) polo que o opositor debe asegurarse de levar todo o necesario para a realización das probas.

4.1.3. Durante a realización do exame

- No caso de que un opositor iniciase síntomas compatibles con COVID-19 ou estes fosen detectados, levaríase á zona reservada de illamento, onde poderá continuar desenvolvendo o exame, se lle é posible. Se ademais estivese nunha situación de gravidade ou tivese dificultade para respirar, avisarase ao (061).
- Unha vez iniciado o exame, non se permitirá a ningún opositor, abandonar a aula ata pasados 30 minutos desde o momento fixado para o comezo da proba, non podendo abandonar tampouco a aula nos últimos 10 minutos. No caso de que un opositor finalice o





exercicio antes da conclusión do tempo fixado para o exercicio, a recollida do exame realizarase directamente na mesa do opositor polo persoal colaborador.

- Unha vez finalizado o exercicio, e coa finalidade de evitar aglomeracións, a saída de aspirantes farase de forma escalonada. Polo tanto, non se permitirá a ningún opositor abandonar a aula ata que se lle indique. A recollida do exame realizarase directamente na mesa do opositor polo persoal colaborador.

- A saída da aula deberá facerse de maneira ordenada, respectando as normas de distanciamento de 1,5 metros ata o exterior do edificio. Unha vez fóra, lémbrales a obrigación de respectar as normas e a conveniencia de seguir as recomendacións establecidas polas autoridades sanitarias, evitando grupos e aglomeracións. Os opositores non se deterán a conversar, abandonado as instalacións o máis pronto posible.

- Coa finalidade de evitar aglomeracións os certificados de asistencia poderán descargalos directamente na páx. Web

- Coa mesma finalidade fóra do pavillón onde terá lugar a proba, a plantilla de respostas soamente será publicada na páxina Web da Dirección Xeral da Función Pública.

- Unha vez rematada a proba, a persoa aspirante deberá dirixirse ao seu vehículo para abandonar o recinto o antes posible, evitando en todo momento aglomeracións e sempre gardando a distancia mínima de seguridade con outras persoas.

4.2. Membros dos tribunais, asesores e persoal de apoio.

Calquera persoa implicada no proceso selectivo que actúe como membro de tribunal, asesor ou persoal de apoio, que teña síntomas compatibles con COVID-19 ou que poida cualificarse como caso posible, probable ou confirmado de contaxio, ou que tivese contacto estreito de persoa sintomática, deberá comunicalo aos responsables da organización da proba e ao servizo de persoal do que dependan para que se poña en marcha a xestión de casos e contactos en coordinación cos servizos de prevención; debendo permanecer confinada no seu domicilio.

Aqueles membros de tribunais, asesores e persoal de apoio que teñan síntomas compatibles con COVID-19, aqueles ás que se lles diagnosticou a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento ou os que se atopen en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19, atendendo ás indicacións das autoridades sanitarias, NON poderán acceder aos lugares indicados polos tribunais onde se realizarán as probas.

4.2.1. Durante a realización das probas

- A Dirección Xeral da Función Pública proverá de materiais de protección (máscaras e xeles hidroalcolólicos) aos membros dos tribunais, asesores e ao persoal de apoio.





- O uso de máscaras é obrigatorio igualmente para os compoñentes do tribunal, asesores técnicos e persoal de apoio ata a finalización das probas.
- Os compoñentes do tribunal, asesores técnicos e persoal de apoio desinfectará as mans coa solución hidroalcohólica cada vez que toquen elementos comúns (sobres de exame, follas de exame, etc.)
- Se algún membro do tribunal, asesores e persoal de apoio comezase a ter síntomas da enfermidade, levaráselle á zona reservada de illamento para os membros do tribunal, asesores ou persoal de apoio e contactarase de maneira inmediata cos correspondentes servizos de prevención de riscos laborais, debendo abandonar, en todo caso, o seu posto de traballo ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. Se ademais estivesen nunha situación de gravidade ou tivesen dificultades para respirar, avisarase ao (061).

4.2.2. Custodia e corrección das probas.

Para a custodia e corrección das probas, os compoñentes do tribunal, se comparten material de oficina con outras persoas, poderían utilizar luvas que, con regularidade, deberán lavar ou pasar solución hidroalcohólica e non tocarse a cara, ou ben aplicar lavado frecuente de mans con auga e xabón, e frecuentemente, aplicar solución hidroalcohólica.

No caso de ter que reunirse os membros do tribunal, escolleranse espazos amplos nos que se poida manter a distancia de seguridade entre os membros, ben ventilados e procurando non alongar a duración das mesmas máis aló do imprescindible.



5. Outros aspectos de interese.

5.1 Avaliación de risco dos eventos

Os procesos selectivos que a Dirección Xeral da Función Pública ten previsto celebrar no mes de febreiro presentan a seguinte avaliación de riscos:

Alto risco	Medio risco	Baixo risco
Alto porcentaxe de participantes doutras áreas con maior incidencia	Porcentaxe moderado de participantes doutras áreas con maior incidencia	Baixo porcentaxe de participantes doutras áreas con maior incidencia
Alto porcentaxe de participantes considerados vulnerables	Porcentaxe moderado de participantes considerados vulnerables	Baixo porcentaxe de participantes considerados vulnerables.
Alto porcentaxe de participantes realizan actividades de alto risco durante o evento(cantar, contacto físico, compartir materiais etc)	Porcentaxe moderado de participantes realizan actividades de alto risco durante o evento(cantar, contacto físico, compartir materiais etc)	Baixo porcentaxe de participantes realizan actividades de alto risco durante o evento(cantar, contacto físico, compartir materiais etc)
Non é posible manter a distancia física en ningún momento	Non é posible manter a distancia física en todo momento	É posible manter a distancia física en ningún momento
En espazo interior sen ventilación ou con ventilación insuficiente	En espazo interior pero con ventilación suficiente ou ambos(exterior e interior)	En espazo exterior
Alto porcentaxe de participantes están de pie en movemento durante todo o evento	Alto porcentaxe de participantes están sentados ou de pe inmóviles durante todo o evento.	Alto porcentaxe de participantes mantéñense sentados durante todo o evento
Número elevado de lugares onde se pode producir un contacto estreito	Número moderado de lugares onde se pode producir un contacto estreito	Número baixo de lugares onde se pode producir un contacto estreito
Alto porcentaxe de consumo de alcohol	Hai consumo minoritario de alcohol	Non hai venta nin consumo de alcohol
Evento de larga duración(>2 h)	Evento de duración entre 1-2 h	Evento de corta duración (>1h)

5.2 Limpeza e desinfección das instalacións entre probas.

A limpeza e desinfección das instalacións nas distintas sedes, figura reflectida detalladamente no protocolo específico de cada sede, ao que nos remitimos.

En canto á limpeza e desinfección das instalacións entre probas: entre cada proceso selectivo realizarase unha profunda limpeza e desinfección á totalidade das mesas e cadeiras ocupadas ademais da ventilación dos pavillóns, abriranse os portóns dos pavillóns durante un período de tempo non inferior a 15 minutos, para garantir o cambio de aire completo do mesmo.

Farase especial fincapé na ventilación no só dos pavillóns senón de todas as zonas comúns, locais, baños e demais instalacións interiores utilizadas durante o proceso

Así mesmo, procederase á limpeza e desinfección das zonas comúns, e demais postos (zona de chamamento, oficina de incidencias, etc.).

Á parte da devandita limpeza entre proceso e proceso, a limpeza dos baños (tanto interiores como exteriores) realizarase de forma continuada, quedando rexistrado en cada baño a hora da súa limpeza e desinfección.

Todos os produtos utilizados para a limpeza serán os que estean aprobados polo Ministerio de Sanidade.

Levarase un rexistro exhaustivo das horas e tarefas de limpeza, así como dos produtos utilizados e as súas mesturas.



A empresa encargada da limpeza das probas emitirá o correspondente "Certificado de Limpeza e Desinfección"

O persoal de limpeza será o encargado de controlar que os dispensadores de xel hidroalcohólico situados nas entradas, os baños e as oficinas teñan suficiente líquido desinfectante.

5.3 Ventilación.

SEDE 1. Recinto " Feira Internacional de Galicia Abanca" en Silleda",

Ventilación natural.

Os pavillóns contan con **ENTRADAS PERMANENTES** de **AIRE**, e aproximadamente un metro por cen metros en cada lateral de cada pavillón (por tanto, uns **200 metros cadrados** de entrada permanente de aire de forma natural en cada pavillón).

Cando hai doas quendas de exames no mesmo día, ábrense **6 PORTÓNS** en cada pavillón, que teñen, 7 metros de ancho e 5 metros de altura (os dous dos fondos de cada pavillón) e 4,30 metros (os catro dos laterais en cada pavillón), polo que se engade **outros 180 metros cadrados de entrada de aire**.

A suma destas entradas de aire fai que a **renovación total** de aire se consiga nun espazo mínimo de tempo, que dependendo do vento, pode estar aproximadamente entre os 10 minutos e a media hora.

SEDE 2. Recinto da Fundación Feiras e Exposicións de Ourense (Expourense).

Ventilación natural.

O pavillón conta cun sistema de extracción e renovación de aire constante. O sistema esta compostos por uns grupos de extracción repartidos ao longo do pavillón.

Ademais, o pavillón conta con 4 portas de guillotina de 6 metros de ancho por 6 metros de alto, nas que se realizan funcións de carga e descarga e serven de saída de emerxencia, o manter ditas portas abertas permite que podan utilizarse como sistema de ventilación complementario.

SEDE 3. Pazo de Feiras e Exposición de Lugo (Expo Lugo)

O pavillón nº 1 **conta cun sistema de renovación de aire** mecanizado que consiste na extracción do aire do pavillón e a súa expulsión o exterior, así como a impulsión do aire do exterior cara o interior do pavillón.

No pavillón nº 2 a circulación de aire efectúase mediante a **apertura dos portóns** e/ou portas de emerxencia. Polo que será necesario neste pavillón manter parte das portas abertas para a renovación de aire

Cando hai doas quendas de exames no mesmo día, **ábrense os PORTÓNS** en cada pavillón, que teñen, como se dixo, 5,35 metros de ancho e 4,5 metros de altura polo que se engade **outros 96,3 metros cadrados de entrada de aire**.



A suma destas entradas de aire fai que a **renovación total** de aire se consiga nun espazo mínimo de tempo, que dependendo do vento, pode estar aproximadamente entre os 10 minutos e a media hora.